

Nas terminais de viaxeiros incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto, sempre que iso resulte posible e proporcionado, as vías de evacuación de uso xeral serán accesibles a todas as persoas, tendo en conta a normativa de protección contra incendios en edificios públicos.

7. Incidencias na prestación do servizo

Cando un operador teña que resolver unha posible incidencia no seu servizo que o obrigue a utilizar un medio de transporte de apoio, deberá organizar a operación considerando que os servizos extraordinarios que procedan se teñen que prestar en condicións de dignidade e accesibilidade para os viaxeiros con discapacidade, procurando na medida do posible:

Vehículos accesibles de apoio.

Medios para resolver a transferencia entre un posible vehículo avariado e o de apoio.

Se é o caso, aloxamento de apoio accesible.

8. Dispositivos de alarma no material móbil

Os dispositivos de alarma de uso público en situacións de emerxencia serán accesibles en todo vehículo e, na medida do posible, para as persoas con calquera discapacidade.

9. Tripulacións

As empresas operadoras que deban prestar atención á pasaxe establecerán procesos de formación para a súa tripulación co fin de que poidan asistir e auxiliar os pasaxeiros con discapacidade, calquera que sexa a situación.

10. Prazas reservadas

En todos os medios de transporte público en que sexa factible existirán prazas de ocupación preferente para persoas con discapacidade, coas características que os manuais técnicos de cada un deles establezan.

Ofreceranse prazas de ocupación preferente en todas as clases. No suposto de que un modo de transporte só contase con prazas de ocupación preferente en clases superior (preferente, club, etc.), o viaxeiro con discapacidade terá dereito a utilizalas aboando soamente o prezo do billete de clase inferior (turista, etc.).

Condicións de atención ao viaxeiro

Nos distintos servizos de transporte dispórase, segundo o establecido neste real decreto e nos correspondentes anexos, dos equipamentos e dispositivos que aseguren a viaxe e a asistencia ás persoas con discapacidade en condicións de dignidade, así como de comodidade e seguranza razoables, evitándose a utilización, salvo en circunstancias excepcionais, de medios improvisados como o traslado «a pulso» dos viaxeiros con necesidades intensas de apoio (usuarios de cadeiras de rodas, etc.).

XEFATURA DO ESTADO

20910 LEI 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social. («BOE» 291, do 5-12-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

No Acordo sobre medidas en materia de Seguridade Social, suscrito o 13 de xullo de 2006 polo Goberno, a Unión Xeral de Traballadores, a Confederación Sindical de Comisións Obreiras, a Confederación Española de Organizacións Empresariais e a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa, que, pola súa vez, trae causa da Declaración para o diálogo social asinada polos mesmos interlocutores o 8 de xullo de 2004, inclúense unha serie de compromisos que implican modificacións en normas con rango de lei.

Tomando como referencia as prioridades marcadas polo Pacto de Toledo na súa renovación parlamentaria de 2003, reafirmase a necesidade de manter e reforzar determinados principios básicos en que se asenta o sistema de Seguridade Social como obxectivo para garantir a súa eficacia e o perfeccionamento dos niveis de benestar do conxunto dos cidadáns. Así, avánzase na plasmación do principio de solidariedade e garantía de suficiencia mediante a paulatina mellora e extensión da intensidade protectora, así como no reforzamento da unidade de caixa. Tamén se intensifica a contributividade do sistema, avanzando nunha maior proporcionalidade entre as cotizacións realizadas e as prestacións obtidas, evitando, ao mesmo tempo, situacións de falta de equidade no recoñecemento destas últimas. Así mesmo, progrésase no camiño xa iniciado de favorecer a prolongación voluntaria da vida laboral máis alá da idade legal de xubilación, sen esquecer tampouco a necesidade de paliar as consecuencias negativas experimentadas polos traballadores de máis idade expulsados prematuramente do mercado laboral. Finalmente, é de destacar tamén o propósito de modernización do sistema ao abordar as situacións creadas polas novas realidades familiares. Todo iso no contexto das exigencias que derivan da situación sociodemográfica, da cal resaltan circunstancias tales como o envellecemento da poboación, a incorporación crecente das mulleres ao mercado de traballo e o fenómeno da inmigración, así como dos criterios harmonizadores cara aos que se apunta no ámbito da Unión Europea, co obxectivo de garantir a sustentabilidade financeira do sistema de pensións.

A finalidade desta lei vén constituída pola necesidade de dar o axeitado soporte normativo a boa parte dos compromisos relativos á acción protectora incluídos no referido acordo e que afectan, substancialmente, a incapacidade temporal, a incapacidade permanente, a xubilación e a supervivencia.

En materia de incapacidade temporal, e para os efectos de coordinar as actuacións dos servizos de saúde e do Instituto Nacional da Seguridade Social e evitar a inseguranza xurídica que provoca a disparidade de diagnósticos dunha e doutra instancia, establécese un procedemento mediante o cal o interesado poida expresar a súa desconformidade ante a Inspección Médica con respecto á alta médica formulada pola entidade xestora, determinanse os prazos concretos en que se deben pronunciar as partes implicadas e os criterios que se deben seguir en caso de discrepancia, garantíndose, en todo caso, a continuidade da protección do interesado ata a resolución administrativa final con que se culmine o procedemento. Por outra banda, nos casos de esgotamento do período máximo de duración da incapacidade temporal, a situación de incapacidade permanente revisable no prazo de seis meses, que na actualidade se xera, é substituída por unha nova situación na que a cualificación da incapacidade permanente se atrasará polo período preciso, ata un máximo de vinte e catro meses, prorrogándose ata entón os efectos da incapacidade temporal.

Con relación á incapacidade permanente, dunha parte flexibilízase o período mínimo de cotización exixido aos traballadores máis novos. Por outra parte, modifícase a

forma de cálculo do importe das pensións de incapacidade permanente derivada de enfermidade común, para aproximala á establecida para a pensión de xubilación, e tamén a do complemento de grande invalidez, desvinculándoo do importe da pensión de incapacidade permanente absoluta.

Polo que se refire á xubilación, e co fin de incrementar a correlación entre cotizacións e prestacións, establécese que, para acreditar o período mínimo de cotización actualmente exixido para acceder ao dereito á pensión, se computarán unicamente os días efectivos de cotización e non os correspondentes ás pagas extraordinarias. Con respecto á idade de xubilación prevese a posibilidade de aplicar coeficientes reductores en relación con novas categorías de traballadores, logo de realización de correspondentes estudos de toda orde, con modificación de cotizacións, e sen que a idade de acceso á xubilación se poida situar en menos de 52 anos. En relación cos que prolonguen voluntariamente a súa vida laboral máis alá da idade ordinaria de xubilación establécese a percepción dunha cantidade a tanto alzado, cando o pensionista teña dereito á pensión máxima, ou dunha porcentaxe adicional sobre a base reguladora da pensión, cando non se alcance a dita contía máxima. Prevense medidas de mellora das pensións de quen as causou anticipadamente como consecuencia dun despedimento antes do 1 de xaneiro de 2002, así como a consideración como involuntaria da extinción da relación laboral cando esta se produza no marco de expedientes de regulación de emprego.

Con respecto á modalidade de xubilación parcial supeditase o acceso a esta, como regra xeral, ao cumprimento de 61 anos de idade, a que o traballador teña unha antigüidade de seis anos na empresa e a que acredite un período de cotización de 30 anos, e iso co fin de garantir que esta clase de xubilación se aveña mellor aos obxectivos que con ela se pretenden obter. Establécense, así mesmo, axustes nas porcentaxes de redución máxima e mínima da xornada habitual de traballo do traballador que pasa á xubilación parcial, así como a necesidade de que a base de cotización do traballador con contrato de revezamento non poderá ser inferior ao 65 por cento daquela pola que viña cotizando o traballador que pasa á xubilación parcial.

En materia de supervivencia, as maiores novidades atinxen á pensión de viuvez e, dentro desta, ao seu outorgamento nos supostos de parellas de feito que, ademais dos requisitos actualmente establecidos para as situacións de matrimonio, acrediten unha convivencia estable e notoria durante, polo menos, cinco anos, así como dependencia económica do convivente sobrevivente nunha porcentaxe variable en función da existencia ou non de fillos comúns con dereito a pensión de orfandade. Tamén se introducen modificacións nas condicións de acceso á pensión de viuvez en caso de matrimonio. Nos supostos excepcionais en que o falecemento do causante estea ocasionado por unha enfermidade común e non existan fillos comúns, exíxese un período reducido de convivencia matrimonial e, de non se acreditar, concederáse unha prestación temporal de viuvez. O acceso á pensión de viuvez das persoas separadas xudicialmente ou divorciadas queda condicionado á extinción polo falecemento do causante da pensión compensatoria a que se refire o artigo 97 do Código civil. Se, mediando divorcio, existise concorrencia de beneficiarios con dereito á pensión, garántese o 40 por cento da base reguladora a favor do cónxuxe sobrevivente ou de quen, sen ser cónxuxe, convívise co causante e cumprise os requisitos establecidos. Así mesmo, prevese a posibilidade de que a suma das pensións de orfandade e de viuvez poida superar o importe da base reguladora do causante cando a porcentaxe aplicable para o cálculo da pensión de viuvez sexa do 70 por cento, co fin de que a aplicación deste último non

vaia en detrimento da contía das pensións de orfandade. Finalmente, a equiparación das parellas de feito ás matrimoniais leva a estender o tratamento seguido para a viuvez tamén con respecto ao auxilio por defunción e ás indemnizacións a tanto alzado en caso de morte derivada de accidente de traballo ou enfermidade profesional. A ausencia dunha regulación xurídica de carácter xeral con respecto ás parellas de feito fai imprescindible delimitar, aínda que exclusivamente para os efectos da acción protectora da Seguridade Social, os perfís identificativos da dita situación, intentando con iso unha aproximación, na medida do posible, á institución matrimonial. Non obstante, tendo en conta a imposibilidade de conseguir a plena equiparación entre as parellas matrimoniais e as de feito, faise inviable a plena igualación no réxime xurídico das prestacións de viuvez.

En último termo, introdúcense, así mesmo, outras modificacións que afectan a concatenación das prestacións de incapacidade temporal e de desemprego, para que cando aquela derive dunha continxencia profesional, e durante a súa percepción se extinga o contrato de traballo, o interesado a siga percibindo ata a alta médica sen consumir período de prestación por desemprego se despois puidese pasar a esta situación; a cotización a favor dos perceptores de subsidio por desemprego maiores de 52 anos pola continxencia de xubilación, que se realizará sobre unha base máis alta; e o futuro establecemento de complementos por mínimos en favor dos pensionistas de incapacidade permanente total cualificada menores de 60 anos.

Artigo 1. *Incapacidade temporal.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. O número 1 do artigo 128 queda redactado do seguinte modo:

«1. Terán a consideración de situacións determinantes de incapacidade temporal:

a) As debidas a enfermidade común ou profesional e a accidente, sexa ou non de traballo, mentres o traballador reciba asistencia sanitaria da Seguridade Social e estea impedido para o traballo, cunha duración máxima de doce meses, prorrogables por outros seis cando se presuma que durante eles pode ser o traballador dado de alta médica por curación.

Esgotado o prazo de duración de doce meses previsto no parágrafo anterior, o Instituto Nacional da Seguridade Social, a través dos órganos competentes para avaliar, cualificar e revisar a incapacidade permanente do traballador, será o único competente para recoñecer a situación de prórroga expresa cun límite de seis meses máis, ou ben para determinar a iniciación dun expediente de incapacidade permanente, ou ben para emitir a alta médica, para os efectos previstos nos parágrafos seguintes. De igual modo, o Instituto Nacional da Seguridade Social será o único competente para emitir unha nova baixa médica na situación de incapacidade temporal cando aquela se produza nun prazo de seis meses posterior á antes citada alta médica pola mesma ou similar patoloxía, cos efectos previstos nos parágrafos seguintes.

Nos casos de alta médica a que se refire o parágrafo anterior, fronte á resolución ditada poderá o interesado, no prazo máximo de catro días naturais, manifestar a súa desconformidade ante a Inspección Médica do servizo público de saúde, a cal, se discrepase do criterio da entidade xestora, terá a facultade de propoñer, no prazo máximo de sete

días naturais, a reconsideración da decisión daquela, especificando as razóns e fundamento da súa discrepancia.

Se a Inspección Médica se pronunciase confirmando a decisión da entidade xestora ou se non se producise pronunciamento ningún no prazo dos once días naturais seguintes á data da resolución, adquirirá plenos efectos a mencionada alta médica. Durante o período de tempo transcorrido entre a data da alta médica e aquela en que esta adquira plenos efectos considerarase prorrogada a situación de incapacidade temporal.

Se, no aludido prazo máximo, a Inspección Médica manifestase a súa discrepancia coa resolución da entidade xestora, esta pronunciarase expresamente no transcurso dos sete días naturais seguintes, notificándolle a correspondente resolución ao interesado, que será tamén comunicada á Inspección Médica. Se a entidade xestora, en función da proposta formulada, reconsiderase a alta médica, reconeceráselle ao interesado a prórroga da súa situación de incapacidade temporal para todos os efectos. Se, pola contra, a entidade xestora se reafirmase na súa decisión, para o cal achegará as probas complementarias que fundamenten aquela, só se prorrogará a situación de incapacidade temporal ata a data da última resolución.

No desenvolvemento regulamentario deste artigo regularase a forma de efectuar as comunicacións previstas nel, así como a obriga de poñer en coñecemento das empresas as decisións que se adopten e que os afecten.

b) Os períodos de observación por enfermidade profesional en que se prescriba a baixa no traballo durante estes, cunha duración máxima de seis meses, prorrogables por outros seis cando se considere necesario para o estudo e diagnóstico da enfermidade.»

Dous. O número 2 do artigo 131 bis queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cando a situación de incapacidade temporal se extinga polo transcurso do prazo de dezaioito meses fixado no parágrafo primeiro da letra a) do número 1 do artigo 128, examínase necesariamente, no prazo máximo de tres meses, o estado do incapacitado para os efectos da súa cualificación, no grao de incapacidade permanente que corresponda.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, naqueles casos en que, continuando a necesidade de tratamento médico pola expectativa de recuperación ou a mellora do estado do traballador, de cara á súa reincorporación laboral, a situación clínica do interesado fíxese aconsellable demorar a citada cualificación, esta poderase atrasar polo período preciso, que en ningún caso poderá superar os vinte e catro meses seguintes á data en que se iniciase a incapacidade temporal.

Durante os períodos previstos neste punto non subsistirá a obriga de cotizar.»

Artigo 2. Incapacidade permanente.

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. O número 2 do artigo 138 queda redactado do seguinte modo:

«2. No caso de pensións por incapacidade permanente, o período mínimo de cotización exigible será:

a) Se o suxeito causante ten menos de trinta e un anos de idade, a terceira parte do tempo transcorrido entre a data en que cumpriu os dezaseis anos e a do feito causante da pensión.

b) Se o causante ten cumpridos trinta e un anos de idade, a cuarta parte do tempo transcorrido entre a data en que cumpriuse os vinte anos e o día en que se producise o feito causante, cun mínimo, en todo caso, de cinco anos. Neste suposto, polo menos a quinta parte do período de cotización exigible deberá estar comprendida dentro dos dez anos inmediatamente anteriores ao feito causante.

Nos supostos en que se acceda á pensión de incapacidade permanente desde unha situación de alta ou asimilada á alta, sen obriga de cotizar, o período dos dez anos, dentro dos cales deba estar comprendido, polo menos, a quinta parte do período de cotización exigible, computarase, cara atrás, desde a data en que cesou a obriga de cotizar.

Nos casos a que se refire o parágrafo anterior, e respecto da determinación da base reguladora da pensión, aplicarase o establecido, respectivamente, nos números 1, 2 e 4 do artigo 140.

No caso de incapacidade permanente parcial para a profesión habitual, o período mínimo de cotización exigible será de mil oitocentos días, que deben estar comprendidos nos dez anos inmediatamente anteriores á data en que se extingue a incapacidade temporal de que derive a incapacidade permanente.»

Dous. Engádesse un último parágrafo no número 2 do artigo 139 coa seguinte redacción:

«A contía da pensión de incapacidade permanente total derivada de enfermidade común non poderá resultar inferior ao 55 por cento da base mínima de cotización para maiores de dezaioito anos, en termos anuais, vixente en cada momento.»

Tres. Os números 4 e 5 do artigo 139 quedan redactados do seguinte modo:

«4. Se o traballador fose cualificado de grande inválido, terá dereito a unha pensión vitalicia segundo o establecido nos puntos anteriores, incrementándose a súa contía cun complemento, destinado a que o inválido poida remunerar a persoa que o atenda. O importe do dito complemento será equivalente ao resultado de sumar o 45 por cento da base mínima de cotización vixente no momento do feito causante e o 30 por cento da última base de cotización do traballador correspondente á continxencia da que derive a situación de incapacidade permanente. En ningún caso o complemento sinalado poderá ter un importe inferior ao 45 por cento da pensión percibida, sen o complemento, polo traballador.

5. Nos casos en que o traballador, con sesenta e cinco ou máis anos, acceda á pensión de incapacidade permanente derivada de continxencias comúns, por non reunir os requisitos para o recoñecemento do dereito a pensión de xubilación, a contía da pensión de incapacidade permanente será equivalente ao resultado de aplicarlle á correspondente base reguladora a porcentaxe que corresponda ao período mínimo de cotización que estea establecido, en cada momento, para o acceso á pensión de xubilación. Cando a incapacidade permanente derive de enfermidade común, considerarase como base reguladora o resultado de aplicar unicamente o establecido na norma a) do número 1 do artigo 140.»

Catro. Os números 1 e 3 do artigo 140 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A base reguladora das pensións de incapacidade permanente derivada de enfermidade común determinarase de conformidade coas seguintes normas:

a) Calcularase o cociente que resulte de dividir por 112 as bases de cotización do interesado durante os 96 meses inmediatamente anteriores a aquel en que se produza o feito causante.

O cómputo das ditas bases realizarase conforme as seguintes regras, das cales é expresión matemática a fórmula que figura ao final destas.

1.^a As bases correspondentes aos vinte e catro meses anteriores a aquel en que se produza o feito causante computaranse no seu valor nominal.

2.^a As restantes bases de cotización actualízanse de acordo coa evolución que experimentase o índice de prezos de consumo desde os meses a que aquelas correspondan ata o mes inmediato anterior a aquel en que se inicie o período de bases non actualizables a que se refire a regra anterior.

$$B_r = \frac{\sum_{i=1}^{24} B_i + \sum_{i=25}^{96} B_i \frac{I_{25}}{I_i}}{112}$$

Sendo:

Br = Base reguladora.

Bi = Base de cotización do mes i-ésimo anterior ao do feito causante.

Ii = Índice xeral de prezos de consumo do mes i-ésimo anterior ao do feito causante.

Sendo i = 1, 2, ..., 96.

b) Ao resultado obtido en razón ao establecido na norma anterior aplicaráselle a porcentaxe que corresponda en función dos anos de cotización, segundo a escala prevista no número 1 do artigo 163, considerándose para tal efecto como cotizados os anos que lle resten ao interesado, na data do feito causante, para cumprir a idade de 65 anos. No caso de non se alcanzar 15 anos de cotización, a porcentaxe aplicable será do 50 por cento.

O importe resultante constituirá a base reguladora a que, para obter a contía da pensión que corresponda, se deberá aplicar a porcentaxe prevista para o grao de incapacidade recoñecido.»

«3. Respecto ás pensións de incapacidade absoluta ou grande invalidez derivadas de accidente non laboral a que se refire o número 3 do artigo 138, para o cómputo da súa base reguladora aplicaranse as regras previstas na norma a) do número 1 deste artigo.»

Cinco. Incorpórase unha nova disposición transitoria, a décimo sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo sexta. *Base reguladora da pensión de incapacidade permanente que proveña de incapacidade temporal.*

Para a determinación da contía das pensións de incapacidade permanente derivada de enfermidade común e que proveña dun proceso de incapacidade temporal que se iniciase con anterioridade á data de entrada en vigor da Lei de medidas en materia de Seguridade Social, serán de aplicación as normas vixentes antes da indicada data.»

Artigo 3. Xubilación.

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. A letra b) do número 1 do artigo 161 queda redactada do seguinte modo:

«b) Ter cuberto un período mínimo de cotización de quince anos, dos cales polo menos dous deberán estar comprendidos dentro dos quince anos inmediatamente anteriores ao momento de causar o dereito. Para os efectos do cómputo dos anos cotizados non se terá en conta a parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias.

Nos supostos en que se acceda á pensión de xubilación desde unha situación de alta ou asimilada á alta, sen obriga de cotizar, o período de dous anos a que se refire o parágrafo anterior deberá estar comprendido dentro dos quince anos anteriores á data en que cesou a obriga de cotizar.

Nos casos a que se refire o parágrafo anterior, e respecto da determinación da base reguladora da pensión, aplicarase o establecido no número 1 do artigo 162.»

Dous. Suprímense os números 2 e 3 do artigo 161, pasando os seus actuais números 4, 5 e 6 a ser, respectivamente, os números 2, 3 e 4.

Tres. Incorpórase un novo artigo 161 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 161 bis Xubilación anticipada.

1. A idade mínima a que se refire a letra a) do número 1 do artigo anterior poderá ser rebaixada por real decreto, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na respectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza.

De igual modo, a idade mínima a que se refire a letra a) do número 1 do artigo anterior poderá ser reducida no caso de persoas con discapacidade nun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento nos termos contidos no correspondente real decreto acordado por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais ou tamén nun grao de discapacidade igual ou superior ao 45 por cento, sempre que, neste último suposto, se trate de discapacidades regulamentariamente determinadas en que concorran evidencias que determinan de forma xeneralizada e apreciable unha redución da esperanza de vida desas persoas.

A aplicación dos correspondentes coeficientes redutores da idade en ningún caso dará ocasión a que o interesado poida acceder á pensión de xubilación cunha idade inferior á de 52 anos.

Os coeficientes redutores da idade de xubilación non serán tidos en conta, en ningún caso, para os efectos de acreditar a exixida para acceder á xubilación parcial, aos beneficios establecidos no número 2 do artigo 163, á xubilación regulada na norma 2.^a do número 1 da disposición transitoria terceira e a calquera outra modalidade de xubilación anticipada.

2. Poderán acceder á xubilación anticipada os traballadores que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter cumpridos os sesenta e un anos de idade, sen que para estes efectos resulten de aplicación os

coeficientes redutores a que se refire o número anterior.

b) Encontrarse inscritos nas oficinas de emprego como demandantes de emprego durante un prazo de, polo menos, seis meses inmediatamente anteriores á data de solicitude da xubilación.

c) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de trinta anos, sen que, para tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. Para estes exclusivos efectos, computarase como cotizado á Seguridade Social o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

d) Que o cesamento no traballo, como consecuencia de extinción de contrato de traballo, non se producise por causa imputable á libre vontade do traballador. Para tales efectos, entenderase por libre vontade do traballador a inequívoca manifestación de vontade de quen, podendo continuar a súa relación laboral e non existindo razón obxectiva que a impida, decide poñer fin a esta. Considerarase, en todo caso, que o cesamento na relación laboral se produciu de forma involuntaria cando a extinción se produza por algunha das causas previstas no artigo 208.1.1.

Os requisitos exixidos nas letras b) e d) non serán exixibles naqueles supostos en que o empresario, en virtude de obriga adquirida mediante acordo colectivo ou contrato individual de prexubilación, lle aboase ao traballador tras a extinción do contrato de traballo, e nos dous anos inmediatamente anteriores á solicitude de xubilación anticipada, unha cantidade que, en cómputo global, represente un importe mensual non inferior ao resultado de sumar a cantidade que lle corresponde en concepto de prestación por desemprego e a cota que aboase ou, se é o caso, a cota de maior contía que puidese aboar en concepto de convenio especial coa Seguridade Social.

Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este punto, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada ano ou fracción de ano que, no momento do feito causante, lle falte ao traballador para cumprir os sesenta e cinco anos, dos seguintes coeficientes:

- 1.º Entre trinta e trinta e catro anos de cotización acreditados: 7,5 por cento.
- 2.º Entre trinta e cinco e trinta e sete anos de cotización acreditados: 7 por cento.
- 3.º Entre trinta e oito e trinta e nove anos de cotización acreditados: 6,5 por cento.
- 4.º Con corenta ou máis anos de cotización acreditados: 6 por cento.

Para o cómputo dos anos de cotización tomaranse anos completos, sen que se equipare a un ano a fracción deste.»

Catro. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 163 nos seguintes termos:

«2. Cando se acceda á pensión de xubilación a unha idade superior aos 65 anos, sempre que ao cumprir esta idade se reunise o período mínimo de cotización establecido no artigo 161.1.b), recoñeceráselle ao interesado unha porcentaxe adicional consistente nun 2 por cento por cada ano completo transcorrido entre a data en que cumpriu a dita idade e a do feito causante da pensión. A dita porcentaxe elevarase ao 3 por cento cando o interesado acredite polo menos corenta anos de cotización ao cumprir 65 anos.

A porcentaxe adicional obtida segundo o establecido no parágrafo anterior sumarse á que, con carácter xeral, lle corresponda ao interesado de acordo co número 1, aplicándose a porcentaxe resultante á respectiva base reguladora para os efectos de determinar a contía da pensión, que non poderá ser superior en ningún caso ao límite establecido no artigo 47.

No suposto de que a contía da pensión recoñecida alcance o indicado límite sen aplicar a porcentaxe adicional ou aplicándoa só parcialmente, o interesado terá dereito, ademais, a percibir anualmente unha cantidade cuxo importe se obterá aplicándolle ao importe do dito límite vixente en cada momento a porcentaxe adicional non utilizada para determinar a contía da pensión, redondeada á unidade máis próxima por exceso. A citada cantidade percibirase por meses vencidos e aboarse en catorce pagas, sen que a suma do seu importe e o da pensión ou pensións que tivese recoñecidas o interesado, en cómputo anual, poida superar a contía do tope máximo da base de cotización vixente en cada momento, tamén en cómputo anual.

O beneficio establecido neste punto non será de aplicación nos supostos de xubilación parcial nin da xubilación flexible a que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 165».

Cinco. Dáse nova redacción á norma 2.ª do número 1 da disposición transitoria terceira, nos seguintes termos:

«2.ª. Quen tivese a condición de mutualista o 1 de xaneiro de 1967 poderá causar o dereito á pensión de xubilación a partir dos sesenta anos. En tal caso, a contía da pensión reducirase nun 8 por cento por cada ano ou fracción de ano que, no momento do feito causante, lle falte ao traballador para cumprir a idade que se fixa no número 1.a) do artigo 161.

Nos supostos de traballadores que, cumprindo os requisitos sinalados no número anterior, e acreditando trinta ou máis anos de cotización, soliciten a xubilación anticipada derivada do cesamento no traballo como consecuencia da extinción do contrato de traballo, en virtude de causa non imputable á libre vontade do traballador, a porcentaxe de redución da contía da pensión a que se refire o parágrafo anterior será, en función dos anos de cotización acreditados, a seguinte:

- 1.º Entre trinta e trinta e catro anos acreditados de cotización: 7,5 por cento.
- 2.º Entre trinta e cinco e trinta e sete anos acreditados de cotización: 7 por cento.
- 3.º Entre trinta e oito e trinta e nove anos acreditados de cotización: 6,5 por cento.
- 4.º Con corenta ou máis anos acreditados de cotización: 6 por cento.

Para tales efectos, entenderase por libre vontade do traballador a inequívoca manifestación de vontade de quen, podendo continuar a súa relación laboral e non existindo razón obxectiva que a impida, decida poñer fin a esta. Considerarase, en todo caso, que o cesamento na relación laboral se produciu de forma involuntaria cando a extinción se produza por algunha das causas previstas no artigo 208.1.1.

Así mesmo, para o cómputo dos anos de cotización tomaranse anos completos, sen que se equipare a un ano a súa fracción.

Facúltase o Goberno para o desenvolvemento regulamentario dos supostos previstos nos parágrafos anteriores desta regra 2.ª, quen poderá, en razón do carácter voluntario ou forzoso do acceso á xubi-

lación, adecuar as condicións sinaladas para estes.»

Seis. Dáse nova redacción á disposición transitoria cuarta, nos seguintes termos:

«Disposición transitoria cuarta. *Aplicación paulatina do período mínimo de cotización para o acceso á pensión de xubilación.*

O período mínimo de cotización establecido na letra b) do número 1 do artigo 161 aplicarase de forma gradual, por períodos de seis meses, a partir da entrada en vigor da Lei de medidas en materia de Seguridade Social, do seguinte modo:

Durante os seis primeiros meses exixíranse 4.700 días.

Durante o segundo semestre exixíranse 4.777 días.

Durante o terceiro semestre exixíranse 4.854 días.

Durante o cuarto semestre exixíranse 4.931 días.

Durante o quinto semestre exixíranse 5.008 días.

Durante o sexto semestre exixíranse 5.085 días.

Durante o sétimo semestre exixíranse 5.162 días.

Durante o oitavo semestre exixíranse 5.239 días.

Durante o noveno semestre exixíranse 5.316 días.

Durante o décimo semestre exixíranse 5.393 días.

A partir do sexto ano exixíranse 5.475 días.

Non obstante, no suposto dos traballadores que durante todo o ano inmediatamente anterior á data do feito causante estivesen contratados a tempo parcial, o período transitorio previsto no parágrafo anterior incrementarase en proporción inversa á porcentaxe de xornada realizada no dito período. Para estes efectos, o número de días en que se debe incrementar, en cada caso, o período mínimo de cotización exixido na data de entrada en vigor da Lei de medidas en materia de Seguridade Social, readaptarase por períodos semestrais en función da ampliación do período transitorio.»

Artigo 4. *Xubilación parcial.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. Os números 1 e 2 do artigo 166 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Os traballadores que cumprisen 65 anos de idade e reúnan os requisitos para causar dereito á pensión de xubilación, sempre que se produza unha redución da súa xornada de traballo comprendida entre un mínimo dun 25 por cento e un máximo dun 75 por cento, poderán acceder á xubilación parcial sen necesidade da celebración simultánea dun contrato de revezamento. As porcentaxes indicadas entenderanse referidas á xornada dun traballador a tempo completo comparable.

2. Así mesmo, sempre que con carácter simultáneo se asine un contrato de revezamento nos termos previstos no artigo 12.7 do Estatuto dos traballadores, os traballadores a tempo completo poderán acceder á xubilación parcial cando reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter cumprido a idade de 61 anos, ou de 60 se se trata dos traballadores a que se refire a norma 2.^a do número 1 da disposición transitoria terceira, sen que, para tales efectos, se teñan en conta as bonificacións ou anticipacións da idade de xubilación que lle puidesen ser de aplicación ao interesado.

b) Acreditar un período de antigüidade na empresa de, polo menos, seis anos inmediatamente anteriores á data da xubilación parcial. Para tal efecto computarase a antigüidade acreditada na empresa anterior se mediou unha sucesión de empresa nos termos previstos no artigo 44 da Lei do Estatuto dos traballadores, ou en empresas pertencentes ao mesmo grupo.

c) Que a redución da súa xornada de traballo se encontre comprendida entre un mínimo dun 25 por cento e un máximo do 75 por cento, ou do 85 por cento para os supostos en que o traballador con contrato de revezamento sexa contratado a xornada completa mediante un contrato de duración indefinida e se acrediten, no momento do feito causante, seis anos de antigüidade na empresa e 30 anos de cotización á Seguridade Social, computados ambos os dous nos termos previstos nas letras b) e d). Estas porcentaxes entenderanse referidas á xornada dun traballador a tempo completo comparable.

d) Acreditar un período previo de cotización de 30 anos, sen que, para estes efectos, se teña en conta a parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias.

e) Que, nos supostos en que, debido aos requirimentos específicos do traballo realizado polo xubilado parcial, o posto de traballo deste non poida ser o mesmo ou un similar que o que vaia desenvolver o traballador con contrato de revezamento, exista unha correspondencia entre as bases de cotización de ambos os dous, de modo que a correspondente ao traballador con contrato de revezamento non poderá ser inferior ao 65 por cento da base pola que viña cotizando o traballador que accede á xubilación parcial. Regulamentariamente desenvolveranse os requirimentos específicos do traballo para considerar que o posto de traballo do traballador con contrato de revezamento non poida ser o mesmo ou un similar ao que viña desenvolvendo o xubilado parcial.

f) Os contratos de revezamento que se establezan como consecuencia dunha xubilación parcial terán, como mínimo, unha duración igual ao tempo que lle falte ao traballador substituído para alcanzar a idade de sesenta e cinco anos ».

Dous. Incorpórase unha nova disposición transitoria, a décimo sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo sétima. *Normas transitorias sobre xubilación parcial.*

1. A exixencia do requisito de 61 anos de idade a que se refire a letra a) do número 2 do artigo 166 levarase a cabo de forma gradual, en función dos anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei de medidas en materia de Seguridade Social, do seguinte modo:

Durante o primeiro ano, 60 anos.

Durante o segundo ano, 60 anos e 2 meses.

Durante o terceiro ano, 60 anos e 4 meses.

Durante o cuarto ano, 60 anos e 6 meses.

Durante o quinto ano, 60 anos e 8 meses.

Durante o sexto ano, 60 anos e 10 meses.

A partir do sétimo ano, 61 anos.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, se no momento do feito causante se acredita-

sen seis anos de antigüidade na empresa e 30 anos de cotización á Seguridade Social, computados ambos os dous nos termos previstos nas letras b) e d) do artigo 166.2, poderase acceder, ata o 31 de decembro de 2012, á xubilación parcial a partir dos 60 anos de idade e cunha redución máxima do 85 por cento da xornada, coa condición de que o traballador con contrato de revezamento sexa contratado a xornada completa mediante un contrato de duración indefinida.

2. O requisito de 6 anos de antigüidade mínima a que se refire a letra b) do número 2 do artigo 166 será exixido de forma gradual, en función dos anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei de medidas en materia de Seguridade Social, nos seguintes termos:

- Durante o primeiro ano, 2 anos.
- Durante o segundo ano, 3 anos.
- Durante o terceiro ano, 4 anos.
- Durante o cuarto ano, 5 anos.
- A partir do quinto ano, 6 anos.

3. O límite da redución máxima de xornada do 75 por cento a que se refire a letra c) do número 2 do artigo 166 implantarase de forma gradual, en función dos anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei de medidas en materia de Seguridade Social, do seguinte modo:

- Durante o primeiro ano, o 85 por cento.
- Durante o segundo ano, o 82 por cento.
- Durante o terceiro ano, o 80 por cento.
- Durante o cuarto ano, o 78 por cento.
- A partir do quinto ano, o 75 por cento.

4. O período de 30 anos de cotización establecido na letra d) do número 2 do artigo 166 será exixido de forma gradual, en función dos anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei de medidas en materia de Seguridade Social, do seguinte modo:

- Durante o primeiro ano, 18 anos.
- Durante o segundo ano, 21 anos.
- Durante o terceiro ano, 24 anos.
- Durante o cuarto ano, 27 anos.
- A partir do quinto ano, 30 anos.

5. O réxime xurídico da xubilación parcial vixente na data de entrada en vigor da Lei de medidas en materia de Seguridade Social poderáselles seguir aplicando aos traballadores afectados polos compromisos adoptados con anterioridade a esta data, mediante convenios e acordos colectivos. A referida normativa rexerá, nestes supostos, ata que finalice a vixencia dos mencionados compromisos e, como máximo, ata o 31 de decembro de 2009 ».

Artigo 5. Morte e supervivencia.

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. O número 1 do artigo 171 queda redactado do seguinte modo:

«1. En caso de morte, calquera que fose a súa causa, outorgaranse, segundo os supostos, algunha ou algunhas das prestacións seguintes:

- a) Un auxilio por defunción.
- b) Unha pensión vitalicia de viuvez.
- c) Unha prestación temporal de viuvez.
- d) Unha pensión de orfandade.
- e) Unha pensión vitalicia ou, se é o caso, subsidio temporal en favor de familiares.»

Dous. O artigo 173 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 173. *Auxilio por defunción.*

O falecemento do causante dará dereito á percepción inmediata dun auxilio por defunción para facer fronte aos gastos de enterro a quen os sopor-tase. Presumirase, salvo proba en contrario, que os ditos gastos foron satisfeitos por esta orde: polo cónxuxe supervivente, o sobrevivente dunha parella de feito nos termos regulados no número 3 do artigo 174, fillos e parentes do falecido que convivisen con el habitualmente.»

Tres. O artigo 174 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 174. *Pensión de viuvez.*

1. Terá dereito á pensión de viuvez, con carácter vitalicio, salvo que se produza algunha das causas de extinción que legal ou regulamentariamente se establezan, o cónxuxe supervivente cando, no momento do falecemento do seu cónxuxe, este, se ao falecer se atopase en alta ou en situación asimilada á de alta, completase un período de cotización de cincocentos días, dentro dun período ininterrompido de cinco anos inmediatamente anteriores á data do feito causante da pensión. Nos supostos en que se cause aquela desde unha situación de alta ou de asimilada á alta, sen obriga de cotizar, o período de cotización de cincocentos días deberá estar comprendido dentro dun período ininterrompido de cinco anos inmediatamente anteriores á data en que cesou a obriga de cotizar. En calquera caso, se a causa da morte fose un accidente, sexa ou non de traballo, ou unha enfermidade profesional, non se exixirá ningún período previo de cotización.

Tamén terá dereito á pensión de viuvez o cónxuxe supervivente aínda que o causante, na data de falecemento, non se atopase en alta ou en situación asimilada á de alta, sempre que este completase un período mínimo de cotización de quince anos.

Nos supostos excepcionais en que o falecemento do causante derivase de enfermidade común, non sobrevida tras o vínculo conxugal, requirírase, ademais, que o matrimonio se celebrase cun ano de antelación como mínimo á data do falecemento ou, alternativamente, a existencia de fillos comúns. Non se exixirá esta duración do vínculo matrimonial cando na súa data de celebración se acreditase un período de convivencia co causante, nos termos establecidos no parágrafo cuarto do número 3, que, sumado ao de duración do matrimonio, superase os dous anos.

2. Nos casos de separación ou divorcio, o dereito á pensión de viuvez corresponderalle a quen, reunindo os requisitos en cada caso exixidos no punto anterior, sexa ou fose cónxuxe lexítimo, neste último caso sempre que non contraese novas nupcias ou constituíse unha parella de feito nos termos a que se refire o punto seguinte. O dereito a pensión de viuvez das persoas divorciadas ou separadas xudicialmente quedará condicionado, en todo caso, a que, sendo acreedoras da pensión compensatoria a que se refire o artigo 97 do Código civil, esta quedase extinguida polo falecemento do causante.

Se, mediando divorcio, se producise unha concorrencia de beneficiarios con dereito a pensión, esta será recoñecida en contía proporcional ao tempo vivido por cada un deles co causante, garantíndose, en todo caso, o 40 por cento a favor do cónxuxe supervivente ou, se é o caso, do que, sen

ser cónxuxe, convivise co causante no momento do falecemento e resultase beneficiario da pensión de viuvez nos termos a que se refire o punto seguinte.

En caso de nulidade matrimonial, o dereito á pensión de viuvez corresponderalle ao supervivente o que se lle recoñecese o dereito a indemnización a que se refire o artigo 98 do Código civil, sempre que non contraese novas nupcias ou constituíse unha parella de feito nos termos a que se refire o número seguinte. Esta pensión será recoñecida en contía proporcional ao tempo vivido co causante, sen prexuízo dos límites que poidan resultar pola aplicación do previsto no parágrafo anterior no suposto de concurrencia de varios beneficiarios.

3. Cumpridos os requisitos de alta e cotización establecidos no número 1 deste artigo terá, así mesmo, dereito á pensión de viuvez quen se atopase unido ao causante no momento do seu falecemento, formando unha parella de feito, e acredítase que os seus ingresos durante o ano natural anterior non alcanzaron o 50 por cento da suma dos propios e dos do causante habidos no mesmo período. Esta porcentaxe será do 25 por cento no caso de inexistencia de fillos comúns con dereito a pensión de orfandade.

Non obstante, tamén se recoñecerá dereito a pensión de viuvez cando os ingresos do sobrevivente resulten inferiores a 1,5 veces o importe do salario mínimo interprofesional vixente no momento do feito causante, requisito que deberá concorrer tanto no momento do feito causante da prestación, como durante o período da súa percepción. O límite indicado incrementarase en 0,5 veces a contía do salario mínimo interprofesional vixente por cada fillo común, con dereito á pensión de orfandade que conviva co sobrevivente.

Consideraranse como ingresos os rendementos de traballo e de capital así como os de carácter patrimonial, nos termos en que son computados para o recoñecemento dos complementos para mínimos de pensións.

Para os efectos do establecido neste punto, consideraranse parella de feito a constituída, con análoga relación de afectividade á conxugal, por quen, non encontrándose impedido para contraer matrimonio, non teña vínculo matrimonial con outra persoa e acredite, mediante o correspondente certificado de empadramento, unha convivencia estable e notoria con carácter inmediato ao falecemento do causante e cunha duración ininterrompida non inferior a cinco anos. A existencia de parella de feito acreditarase mediante certificación da inscrición nalgún dos rexistros específicos existentes nas comunidades autónomas ou concellos do lugar de residencia ou mediante documento público en que conste a constitución da dita parella. Tanto a mencionada inscrición como a formalización do correspondente documento público deberán ter producido cunha antelación mínima de dous anos con respecto á data do falecemento do causante.

Nas comunidades autónomas con dereito civil propio, cumpríndose o requisito de convivencia a que se refire o parágrafo anterior, a consideración de parella de feito e a súa acreditación levarase a cabo conforme o que estableza a súa lexislación específica.

4. En todos os supostos a que se refire este artigo, o dereito á pensión de viuvez extinguirase cando o beneficiario contraia matrimonio ou constituía unha parella de feito nos termos regulados no punto anterior, sen prexuízo das excepcións establecidas regulamentariamente.»

Catro. Incorpórase un novo artigo 174 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 174 bis *Prestación temporal de viuvez.*

Cando o cónxuxe supervivente non poida acceder ao dereito á pensión de viuvez por non acreditar que o seu matrimonio co causante tivo unha duración dun ano ou, alternativamente, pola inexistencia de fillos comúns e reúna o resto de requisitos enumerados no número 1 do artigo 174, terá dereito a unha prestación temporal en contía igual á da pensión de viuvez que lle correspondese e cunha duración de dous anos.»

Cinco. O número 1 do artigo 175 queda redactado nos termos seguintes:

«1. Terán dereito á pensión de orfandade, en réxime de igualdade, cada un dos fillos do causante, calquera que sexa a natureza da súa filiación, sempre que, ao falecer o causante, sexan menores de dezoito anos ou estean incapacitados para o traballo, e que aquel se encontrase en alta ou en situación asimilada á alta. Será de aplicación, así mesmo, ás pensións de orfandade o previsto no segundo parágrafo do número 1 do artigo 174 desta lei.»

Seis. O número 2 do artigo 175 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Nos casos en que o fillo do causante non efectúe un traballo lucrativo por conta propia ou allea ou, cando realizándoo, os ingresos que obteña resulten inferiores en cómputo anual á contía vixente para o salario mínimo interprofesional, tamén en cómputo anual, poderá ser beneficiario da pensión de orfandade, sempre que na data do falecemento do causante aquel fose menor de 22 anos, ou de 24 se non sobrevivise ningún dos dous pais ou o orfo presentase unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento.

No caso de orfandade absoluta, se o orfo estivese a cursar estudos e cumprise os 24 anos durante o transcurso do curso escolar, a percepción da pensión de orfandade manterase ata o día primeiro do mes inmediatamente posterior ao de inicio do seguinte curso académico.»

Sete. O número 1 do artigo 177 queda redactado do seguinte modo:

«1. No caso de morte por accidente de traballo ou enfermidade profesional, o cónxuxe supervivente, o sobrevivente dunha parella de feito nos termos regulados no número 3 do artigo 174 e os orfos terán dereito a unha indemnización a tanto alzado, cuxa contía uniforme se determinará nos regulamentos xerais desta lei.

Nos supostos de separación, divorcio ou nulidade será de aplicación, se é o caso, o previsto no número 2 do artigo 174.»

Oito. Modifícanse os números 2 e 4 do artigo 179 nos seguintes termos:

1. Suprímese o parágrafo segundo do número 2 do artigo 179.

2. Engádese un último parágrafo no número 4 do artigo 179 coa seguinte redacción:

«Sen prexuízo do previsto con carácter xeral neste punto, o límite establecido poderá ser superado en caso de concurrencia de varias pensións de orfandade cunha pensión de viuvez cando a porcentaxe que se aplique á correspondente base reguladora para o cálculo desta última sexa do 70 por cento, aínda que, en ningún caso, a suma das pen-

sións de orfandade poderá superar o 48 por cento da base reguladora que corresponda.»

Nove. Suprímese a disposición transitoria novena da Lei 53/1984, do 26 de novembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 6. *Asignacións familiares por fillo a cargo.*

O parágrafo segundo da letra a) do artigo 181 da Lei xeral da Seguridade Social, queda redactado nos termos seguintes:

«O causante non perderá a condición de fillo ou de menor acollido a cargo polo mero feito de realizar un traballo lucrativo por conta propia ou allea sempre que continúe vivindo co beneficiario da prestación e que os ingresos anuais do causante, en concepto de rendementos do traballo, non superen o 100 por cento do salario mínimo interprofesional, tamén en cómputo anual.»

Artigo 7. *Cotización durante a percepción do subsidio por desemprego para maiores de 52 anos.*

Dáse nova redacción ao número 4 do artigo 218 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«4. Para os efectos de determinar a cotización nos supostos sinalados nos puntos anteriores, tomarase como base de cotización o tope mínimo de cotización vixente en cada momento. Non obstante, cando corresponda cotizar pola continxencia de xubilación e o beneficiario sexa maior de 52 anos, tomarase como base de cotización o 125 por cento do citado tope mínimo.»

Artigo 8. *Incapacidade temporal e desemprego.*

Dáse nova redacción ao número 1 do artigo 222 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«1. Cando o traballador se encontre en situación de incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e durante esta se extinga o seu contrato, seguirá percibindo a prestación por incapacidade temporal en contía igual á prestación por desemprego ata que se extinga a dita situación, pasando entón á situación legal de desemprego no suposto de que a extinción se producese por algunha das causas previstas no número 1 do artigo 208 e a percibir, se reúne os requisitos necesarios, a prestación por desemprego contributivo que lle corresponda de se iniciar a súa percepción na data de extinción do contrato de traballo, ou o subsidio por desemprego. En tal caso, descontarase do período de percepción da prestación por desemprego, como xa consumido, o tempo que permanecese na situación de incapacidade temporal a partir da data da extinción do contrato de traballo.

A entidade xestora das prestacións por desemprego efectuará as cotizacións á Seguridade Social conforme o previsto na letra b) do número 1 do artigo 206, asumindo, neste caso, a achega que lle corresponde ao traballador na súa totalidade por todo o período que se desconte como consumido, mesmo cando non se solicitase a prestación por desemprego e sen solución de continuidade pase a unha situación de incapacidade permanente ou xubilación, ou se produza o falecemento do traballa-

dor que dea dereito a prestacións de morte e supervivencia.

Cando o traballador se encontre en situación de incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais e durante esta se extinga o seu contrato de traballo, seguirá percibindo a prestación por incapacidade temporal, en contía igual a que tivese recoñecida, ata que se extinga a dita situación, pasando entón, se é o caso, á situación legal de desemprego no suposto de que a extinción se producese por algunha das causas previstas no número 1 do artigo 208, e a percibir, se reúne os requisitos necesarios, a correspondente prestación por desemprego sen que, neste caso, proceda descontar do período de percepción desta o tempo que permanecese en situación de incapacidade temporal tras a extinción do contrato, ou o subsidio por desemprego.»

Artigo 9. *Normas de desenvolvemento e aplicación a réximes especiais.*

Dáse nova redacción á disposición adicional oitava do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«Disposición adicional oitava. *Normas de desenvolvemento e aplicación a réximes especiais.*

1. Será de aplicación a todos os réximes que integran o sistema da Seguridade Social o disposto nos artigos 137, números 2 e 3; 138; 140, números 1, 2 e 3; 143; 161, números 1.b), 2 e 3; 161 bis, número 1; 162, números 1.1, 2, 3, 4 e 5; 163; 165; 174; 174 bis; 175; 176, número 4; 177, número 1, segundo parágrafo; e 179. Igualmente serán de aplicación as normas sobre as prestacións familiares contidas no capítulo IX do título II; as disposicións adicionais sétima bis e cuadraxésimo terceira e as disposicións transitorias cuarta, parágrafo primeiro, quinta, número 1, quinta bis, sexta bis e décimo sexta.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, exceptúase a aplicación aos réximes especiais do previsto no artigo 138 no último parágrafo do seu número 2, así como o regulado polo seu número 5.

2. No réxime especial da minaría do carbón, e para os traballadores por conta allea dos réximes especiais agrario e de traballadores do mar, será tamén de aplicación o previsto no artigo 140, número 4, e 162, número 1.2.

3. O previsto no número 2 do artigo 161 bis seralles de aplicación aos traballadores por conta allea incluídos nos réximes especiais da minaría do carbón e de traballadores do mar.

4. O previsto nos artigos 134, 135, 135 bis, 135 ter e 166 e nas disposicións transitorias cuarta, segundo parágrafo, e décimo sétima seralles aplicable, se é o caso, aos traballadores por conta allea dos réximes especiais. O previsto nos artigos 112 bis e 162.6 será igualmente aplicable aos traballadores por conta allea dos réximes especiais con excepción dos incluídos nos réximes especiais agrario e de empregados de fogar. Así mesmo, o disposto nos artigos 134, 135, 135 bis, 135 ter e 166 resultaralles de aplicación aos traballadores por conta propia incluídos nos réximes especiais de traballadores do mar, agrario e de traballadores autónomos, nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente.

5. O previsto no último parágrafo do número 2 e no número 4 do artigo 139 será de aplicación a todos os réximes que integran o sistema da Seguridade Social. Para os efectos de determinar o

importe mínimo da pensión e do cálculo do complemento a que se refiren, respectivamente, estes números tomarase en consideración como base mínima de cotización a vixente en cada momento no réxime xeral, calquera que sexa o réxime conforme as normas do cal se recoñezan as pensións de incapacidade permanente total e de grande invalidez.»

Disposición adicional primeira. *Importe mínimo para as pensións de incapacidade permanente total.*

No cadro de contías mínimas anuais das pensións de modalidade contributiva que se recolla na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado estableceranse importes mínimos para as pensións de incapacidade permanente total nos supostos a que se refire o segundo parágrafo do número 2 do artigo 139 para beneficiarios que teñan unha idade inferior a 60 anos.

Disposición adicional segunda. *Coefficientes redutores da idade de xubilación.*

Incorpórase unha nova disposición adicional no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuadraxésimo quinta. *Coefficientes redutores da idade de xubilación.*

Para os efectos do previsto no parágrafo primeiro do número 1 do artigo 161 bis, establecerase regulamentariamente o procedemento xeral que se debe observar para rebaixar a idade de xubilación, en que se preveña a realización previa de estudos sobre sinistralidade no sector, penosidade, perigosidade e toxicidade das condicións do traballo, a súa incidencia nos procesos de incapacidade laboral que xera nos traballadores e os requirimentos físicos exixidos para o desenvolvemento da actividade.

O establecemento de coeficientes redutores da idade de xubilación, que só procederá cando non sexa posible a modificación das condicións de traballo, levará consigo os axustes necesarios na cotización para garantir o equilibrio financeiro.»

Disposición adicional terceira. *Pensión de viuvez en supostos especiais.*

Con carácter excepcional, recoñecerase dereito á pensión de viuvez cando, producíndose o feito causante con anterioridade á entrada en vigor desta lei, concorran as seguintes circunstancias:

a) Que no momento da morte do causante, reunindo este os requisitos de alta e cotización a que se refire o número 1 do artigo 174 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, non se puidese causar dereito á pensión de viuvez.

b) Que o beneficiario mantivese convivencia ininterrompida, como parella de feito nos termos establecidos no primeiro inciso, parágrafo cuarto, artigo 174.3 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada polo artigo 5 desta lei, co causante, durante, polo menos, os seis anos anteriores ao falecemento deste.

c) Que o causante e o beneficiario tivesen fillos comúns.

d) Que o beneficiario non teña recoñecido dereito a pensión contributiva da Seguridade Social.

e) Para acceder á pensión regulada nesta disposición, a correspondente solicitude deberá ser presentada no prazo improrrogable dos doce meses seguintes ao momento da entrada en vigor desta lei. A pensión recoñe-

cida terá efectos económicos desde o día primeiro de 2007, sempre que se cumpran todos os requisitos previstos nesta disposición.

Disposición adicional cuarta. *Mellora das pensións de xubilación anticipada causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2002.*

1. Os traballadores que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2002, causasen dereito a pensión de xubilación anticipada ao abeiro do previsto na norma 2.^a do número 1 da disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social ou das normas concordantes dos réximes especiais que integran o sistema da Seguridade Social, cando a idade que en cada caso se tivese en conta para a aplicación dos correspondentes coeficientes redutores estivese comprendida entre os sesenta e os sesenta e catro anos, ambos os dous inclusive, terán dereito a unha mellora da súa pensión, con efectos desde o 1 de xaneiro de 2007, sempre que da documentación que consta na Administración da Seguridade Social se deduza que reúnen os seguintes requisitos:

a) Que se acreditan, polo menos, trinta e cinco anos de cotización.

b) Que a extinción do contrato de traballo de que derivase o acceso á xubilación anticipada se producise por causa non imputable á libre vontade do traballador, comprendida entre os supostos recollidos no artigo 208.1.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

2. A mellora da pensión consistirá nun incremento do seu importe íntegro mensual, variable segundo a idade do traballador tida en conta para a determinación do coeficiente redutor da porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión, conforme os seguintes tramos:

Sesenta anos, 63 euros mensuais.
Sesenta e un anos, 54 euros mensuais.
Sesenta e dous anos, 45 euros mensuais.
Sesenta e tres anos, 36 euros mensuais.
Sesenta e catro anos, 18 euros mensuais.

3. O importe correspondente, que se aboará en catorce pagas, recoñecerase como variación da contía da pensión de xubilación e integrarase nesta para todos os efectos, incluída a aplicación do límite a que se refire o artigo 47 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e sen prexuízo, se é o caso, da absorción do complemento por mínimos que se viñese percibindo. Cando se trate de pensións recoñecidas ao abeiro de normas internacionais, para fixar o importe do incremento mensual serán de aplicación as regras establecidas nas ditas normas sobre determinación e cálculo da contía das pensións.

4. A entidade xestora recoñecerá de oficio ou por instancia de parte o dereito á mellora regulada nesta disposición no prazo de tres meses contados a partir da entrada en vigor desta lei, de acordo coa información contida na base de datos de prestacións da Seguridade Social e no ficheiro xeral de afiliación, que acreditarán, respectivamente, os anos de cotización cumpridos e o carácter involuntario do cesamento no traballo.

Disposición adicional quinta. *Prestacións de orfandade.*

1. Nos supostos de orfandade as prestacións que percibirán os orfos outorgaranse en réxime de igualdade calquera que sexa a súa filiación, nos termos e condicións que regulamentariamente se establezan.

2. O Goberno, nos próximos exercicios económicos, adoptará as medidas necesarias para que a contía mínima da pensión de orfandade alcance, polo menos, o 33 por

cento da contía do indicador público de renda de efectos múltiples.

Disposición adicional sexta. *Protección de traballadores expostos a enfermidades de carácter profesional.*

O Goberno modificará, no prazo dun ano, a normativa que regula a protección dos traballadores, afectados polas mesmas actividades profesionais, nos diferentes réximes da Seguridade Social, tendendo á homoxeneización do nivel de protección dispensado.

Así mesmo, estableceranse reducións na cotización á Seguridade Social, correspondente aos traballadores afectados por enfermidades profesionais nun grao que non dea orixe a prestación económica, que sexan destinados a postos de traballo alternativos e compatibles co seu estado de saúde, co obxecto de interromper a desfavorable evolución da súa enfermidade.

Disposición adicional sétima. *Aplicación dos mecanismos de xubilación anticipada e parcial no ámbito dos empregados públicos.*

No prazo dun ano, o Goberno presentará un estudo sobre a normativa reguladora da xubilación anticipada e parcial dos empregados públicos, así como do persoal das Forzas Armadas e ao servizo da Administración de Xustiza, que aborde a aplicación da normativa reguladora de tales modalidades de xubilación, as condicións en que esta aplicación non xere problemas de sustentabilidade aos sistemas de protección social e a homoxeneización, en termos equiparables, dos diferentes réximes.

No dito estudo terase en conta a realidade específica dos diferentes colectivos afectados incluída a do persoal a que lle é de aplicación a Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, tomando en consideración as singularidades que o rodean, desde unha perspectiva acorde coas prioridades e garantías que se sinalan no parágrafo anterior.

Disposición adicional oitava. *Prolongación da vida activa no réxime de clases pasivas do Estado.*

Co fin de que aos funcionarios públicos lles sexa plenamente de aplicación o establecido no número 2 do artigo 163 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, na redacción dada polo número catro do artigo 3 desta lei, así como os preceptos análogos respecto ao réxime de clases pasivas do Estado, e todo iso coa súa mesma vixencia, o Goberno remitiralles ás Cortes Xerais un proxecto de lei que desenvolva os termos da prolongación da permanencia no servizo activo a que se refire o artigo 67.3 de Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico de empregado público.

Disposición adicional novena. *Asimilación das persoas que xudicialmente fosen declaradas incapaces.*

Para os efectos da aplicación da Lei xeral da Seguridade Social, entenderase que están afectadas por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento aquelas persoas que xudicialmente fosen declaradas incapaces.

Disposición adicional décima. *Auxilio por defunción.*

O auxilio por defunción incrementarase nun 50 por cento nos próximos 5 anos, a razón dun 10 por cento anual. A partir dese momento, en cada exercicio, actualizarase o auxilio por defunción conforme o índice de prezos ao consumo.

Disposición adicional décimo primeira. *Apoio ás familias das persoas con discapacidade.*

O Goberno presentará no Congreso dos Deputados, no prazo dun ano, un estudo que analice globalmente as diferentes posibilidades para as familias das persoas en situación de discapacidade (patrimonio protexido, previsión social complementaria, convenio especial coa Administración da Seguridade Social e beneficios fiscais) co fin de garantir unha renda suficiente para as persoas discapacitadas que, pola natureza ou gravidade das súas afeccións, non poidan realizar ao longo da súa vida unha actividade profesional e se atopen desprovistas de apoio familiar.

Disposición adicional décimo segunda. *Mellora das rendas das familias con menores ingresos.*

Pola súa vez, durante os próximos exercicios orzamentarios, a mellora das deducións no imposto sobre a renda das persoas físicas, das prestacións económicas do nivel contributivo da Seguridade Social e das prestacións do nivel non contributivo garantirán un reforzo das políticas de apoio ás familias.

Disposición adicional décimo terceira. *Consideración da familia numerosa.*

Engádesse un novo parágrafo ao número 2 do artigo 2 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, coa seguinte redacción:

«O pai ou a nai con dous fillos, cando falecese o outro proxenitor.»

Disposición adicional décimo cuarta. *Cómputo, polo sistema da Seguridade Social, de períodos cotizados aos montepíos das administracións públicas de Navarra.*

1. Para os efectos das pensións de incapacidade permanente, xubilación e morte e supervivencia do sistema da Seguridade Social, en calquera dos seus réximes, computaranse os períodos cotizados polos traballadores a algún dos montepíos das administracións públicas de Navarra, sempre que tales períodos non se superpoñan a outros cotizados no citado sistema, tanto para acreditar os períodos de carencia en cada caso exixidos para a adquisición do dereito a pensión, como para determinar, se é o caso, a porcentaxe por anos de cotización para o seu cálculo. Cando para o cálculo da base reguladora da correspondente pensión se tivesen que ter en conta períodos que sexan obxecto do dito cómputo, a determinación das bases de cotización a considerar levarase a cabo partindo das retribucións reais dos traballadores neses períodos, aplicando as normas de cotización vixentes en cada momento no ámbito do réxime xeral da Seguridade Social.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, non se computarán en ningún caso os períodos cotizados aos expresados montepíos cando por eles, acumulados, se é o caso, a outros, se recoñecese dereito a pensión en tales montepíos.

2. O establecido nesta disposición será aplicable con carácter retroactivo, sendo revisables, por instancia de parte, os expedientes que no seu día foron resoltos pola correspondente entidade xestora da Seguridade Social, aínda que os efectos económicos destas revisións só se producirán a partir do día primeiro do mes seguinte ao da data da correspondente solicitude.

3. O cómputo que se regula nos parágrafos anteriores realizarase sempre que a Comunidade Foral de Navarra proceda en igual sentido en relación cos períodos de cotización acreditados no sistema da Seguri-

dade Social, en aplicación do previsto ao respecto, a partir da Lei foral 13/1993, do 30 de decembro, nas sucesivas leis forais de orzamentos xerais de Navarra e no artigo 30 da Lei foral 10/2003, do 5 de marzo, sobre réxime transitorio dos dereitos pasivos do persoal funcionario dos montepíos das administracións públicas de Navarra.

Esta disposición non será de aplicación en relación ao réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, ao réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas e ao réxime especial da Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

Disposición adicional décimo quinta. *Relación laboral e de Seguridade Social dos artistas en espectáculos públicos.*

O Goberno procederá, no prazo dun ano, á actualización das normas que regulan a relación laboral de carácter especial dos artistas en espectáculos públicos e do réxime de Seguridade Social aplicable a estes, co fin de facilitar a xeración de carreiras de cotización coa menor intermitencia posible e de adecuar as ditas normas ás novas modalidades de prestación de servizos.

Disposición adicional décimo sexta. *Réxime especial de traballadores do mar.*

Modifícase a letra b) do artigo 2 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, que queda redactado nos seguintes termos:

«b) Traballadores por conta propia ou autónomos que realicen de forma habitual, persoal e directa algunha das actividades que a continuación se enumeran, sempre que esta constitúa o seu medio fundamental de vida e concorran as demais circunstancias que regulamentariamente se determinen respecto a cada unha das ditas actividades:

1.º Os armadores de pequenas embarcacións que traballen a bordo delas.

2.º Os que se dediquen á extracción de produtos do mar.

3.º Os redeiros que non realicen as súas tarefas por conta dunha empresa pesqueira determinada.

Presumirase que as anteriores actividades constitúen o seu medio fundamental de vida, para os efectos da inclusión neste réxime especial, sempre que destas se obteñan ingresos para atender as súas propias necesidades ou, se é o caso, as da unidade familiar, aínda cando, con carácter ocasional ou permanente, realicen outros traballos non especificamente marítimo-pesqueiros determinantes ou non da súa inclusión en calquera outro dos réximes do sistema da Seguridade Social.»

Disposición adicional décimo sétima. *Réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño:

Un. O número 2 do artigo 20 queda redactado do seguinte modo:

«2. Cando a situación de incapacidade temporal se extinga polo transcurso do prazo máximo

establecido, procederáse ao exame desta nos termos e prazos establecidos no réxime xeral da Seguridade Social co obxecto da correspondente cualificación do estado do funcionario como incapacitado con carácter permanente para as funcións propias do seu corpo ou escala e declaración de xubilación por incapacidade permanente para o servizo. Naqueles casos en que, continuando a necesidade de tratamento médico pola expectativa de recuperación ou a mellora do estado do funcionario de cara á súa reincorporación ao servizo, a situación clínica do interesado fíxese aconsellable demorar a citada cualificación, e así se ditaminase en informe razoado sobre a capacidade ou incapacidade do funcionario polo Equipo de Valoración de Incapacidades da Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social da provincia en que teña o seu domicilio aquel, ou pola unidade de valoración que resulte procedente de acordo co corpo ou escala do funcionario, esta cualificación poderase atrasar polo período preciso, que en ningún caso poderá superar os vinte e catro meses seguintes desde a data en que se iniciase a situación de incapacidade temporal.»

Dous. O número 3 do artigo 21 queda redactado nos seguintes termos:

«3. O dereito ao subsidio económico por incapacidade temporal, calquera que sexa a situación que dese lugar a este, entenderase, en todo caso, extinguido polo transcurso do prazo máximo de vinte e catro meses desde o inicio da situación de incapacidade temporal.»

Tres. Engádese un novo número 2 ao artigo 22, pasando o seu único parágrafo a ser o número 1, nos seguintes termos:

«2. Nas situacións a que se refire este artigo, os dereitos económicos, en toda a duración da licenza, serán os establecidos no artigo 21 precedente coa particularidade de que a prestación económica equivalente ao subsidio por incapacidade temporal consistirá nun subsidio a cargo da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado en contía igual ao 100 por cento das retribucións complementarias devengadas no primeiro mes de licenza.»

Disposición adicional décimo oitava. *Avaliación periódica do sistema de pensións da Seguridade Social.*

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais emitirá, antes do 30 de abril de cada ano, un informe sobre avaliación e estratexia do sistema de pensións que lles será remitido ás Cortes Xerais. A Intervención Xeral da Seguridade Social documentará, en termos provisionais, a execución orzamentaria do exercicio precedente, nun informe que acompañará o elaborado polo ministerio sinalado.

Disposición adicional décimo novena. *Procedemento de revisión de altas en casos de incapacidade temporal.*

Reglamentariamente, o Instituto Nacional da Seguridade Social regulará o procedemento administrativo de revisión das altas que expidan as entidades colaboradoras nos procesos de incapacidade temporal por instancia do interesado

Disposición adicional vixésima. *Incentivos pola prolongación da actividade.*

A partir da data do cumprimento dos 65 anos de idade e da acreditación de 35 anos de cotización á Seguridade

Social, os traballadores, cuxos empresarios sexan beneficiarios das bonificacións reguladas no artigo 4.1 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, e que continúen no seu posto de traballo, unicamente terán que cotizar a correspondente achega pola cotización á incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Protección social dos investigadores.*

Antes do 31 de decembro de 2007, a Secretaría de Estado de Universidades e Investigación e a Secretaría de Estado da Seguridade Social realizarán unha avaliación conxunta da aplicación do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, no tocante á incorporación ao réxime de protección social do persoal bolseiro, e adoptarán as medidas necesarias para garantir esta incorporación aos sectores do colectivo en que se manifestasen maiores dificultades, tales como os bolseiros no estranxeiro e os titulares de bolsas asociados a proxectos de investigación e bolsas de tipo «tecnolóxico», entre outros.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Idade de xubilación do colectivo de bombeiros.*

O Goberno presentaralle á Comisión non permanente de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo do Congreso dos Deputados, logo da súa análise pola Comisión de Seguimento do Acordo de medidas en materia de Seguridade Social, un informe sobre as medidas que se van adoptar para dar cumprimento ás iniciativas parlamentarias aprobadas pola Cámara, en relación coa redución da idade de acceso á pensión de xubilación por parte do colectivo dos bombeiros.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Protección social dos sacerdotes, relixiosos e relixiosas da Igrexa Católica secularizados.*

O Goberno presentará no Congreso dos Deputados, dentro dos tres meses seguintes ao momento da entrada en vigor desta lei, un informe sobre medidas que se van adoptar en relación cos sacerdotes, relixiosos e relixiosas da Igrexa Católica secularizados, que posibilite a mellora dos mecanismos de financiamento do incremento da pensión de xubilación, recoñecido ao abeiro da disposición adicional décima da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición adicional vixésimo cuarta. *Mellora das pensións de menor contía, a favor das unidades familiares unipersoais.*

Os perceptores de pensións contributivas do sistema da Seguridade Social polas continxencias de xubilación, incapacidade permanente e viuvez, que formen unha unidade económica unipersoal, e que teñan que facer fronte coa súa pensión ao mantemento dun fogar, experimentarán durante os próximos catro anos subas adicionais do seu complemento para mínimos, que lles permitan alcanzar nese período os niveis de renda mínimos necesarios para o sostemento do seu fogar. Na adopción desta medida teranse en conta os ingresos de que dispoña o pensionista, así como o patrimonio, excluída a súa vivenda habitual.

O financiamento do complemento a mínimos realizase con cargo á achega dos orzamentos xerais do Estado á Seguridade Social.

Disposición adicional vixésimo quinta. *Reforma integral da pensión de viuvez.*

O Goberno, seguindo as recomendacións do Pacto de Toledo, elaborará un estudo que aborde a reforma integral da pensión de viuvez.

Disposición adicional vixésimo sexta. *Traballadores de axencias de alfándegas afectados pola incorporación de España ao Mercado Único Europeo.*

Os traballadores de axencias de alfándegas que, afectados pola entrada en vigor do réxime de Mercado Único Europeo, se viron privados dos seus postos de traballo, poderanse incorporar a un convenio especial coa Seguridade Social, co obxecto de ter garantido que, ao chegar á idade oficial de xubilación de 65 anos, teñan dereito a unha pensión equivalente á que percibirían de continuar en activo.

Disposición adicional vixésimo sétima. *Revalorización de prestacións familiares non contributivas.*

Ás prestacións familiares na modalidade non contributiva establecidas na Lei xeral de Seguridade Social seralles de aplicación o criterio de revalorización establecido no artigo 48 da dita lei.

Disposición adicional vixésimo oitava. *Complemento para vivenda.*

O Goberno establecerá un complemento para vivenda, aplicable ás pensións non contributivas de pensionistas que vivan sós e que, por carecer de vivenda habitual propia, deban pagar en réxime de aluguer a súa residencia habitual, nos termos que estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado e sexan desenvolvidos regulamentariamente. Estes complementos alcanzarán, no prazo de cinco anos, a contía necesaria para permitir que os ditos pensionistas alcancen en renda dispoñible unha situación equivalente á que resulta polo indicador público de renda de efectos múltiples.

Disposición adicional vixésimo novena. *Contratos de traballo a tempo parcial e contrato de revezamento.*

Un. Modifícase a redacción do número 6 do artigo 12 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e inclúese no dito artigo un novo número 7, todo iso coa seguinte redacción:

«6. Para que o traballador poida acceder á xubilación parcial, nos termos establecidos no número 2 do artigo 166 da Lei xeral da Seguridade Social e demais disposicións concordantes, deberá acordar coa súa empresa unha redución de xornada e de salario de entre un mínimo dun 25 por cento e un máximo do 75, conforme o citado artigo 166, e a empresa deberá concertar simultaneamente un contrato de revezamento, de acordo co establecido no punto seguinte, co obxecto de substituír a xornada de traballo deixada vacante polo traballador que se xubila parcialmente. Tamén se poderá concertar o contrato de revezamento para substituír os traballadores que se xubilen parcialmente despois de ter cumprido sesenta e cinco anos.

A redución de xornada e de salario poderá alcanzar o 85 por cento cando o contrato de revezamento se concerte a xornada completa e con duración indefinida, sempre que o traballador cumpra os requisitos establecidos no artigo 166.2.c) da Lei xeral da Seguridade Social.

A execución deste contrato de traballo a tempo parcial e a súa retribución serán compatibles coa pensión que a Seguridade Social lle recoñeza ao traballador en concepto de xubilación parcial.

A relación laboral extinguirase ao producirse a xubilación total do traballador.

7. O contrato de revezamento axustarase ás seguintes regras:

a) Celebrarase cun traballador en situación de desemprego ou que tivese concertado coa empresa un contrato de duración determinada.

b) Agás no suposto previsto no parágrafo segundo do número 6, a duración do contrato de revezamento que se celebre como consecuencia dunha xubilación parcial terá que ser indefinida ou como mínimo, igual ao tempo que lle falte ao traballador substituído para alcanzar a idade de sesenta e cinco anos. Se, ao cumprir a dita idade, o traballador xubilado parcialmente continuase na empresa, o contrato de revezamento que se celebre por duración determinada poderase prorrogar mediante acordo das partes por períodos anuais, e extinguirase, en todo caso, ao finalizar o período correspondente ao ano en que se produza a xubilación total do traballador substituído.

No caso do traballador xubilado parcialmente despois de cumprir sesenta e cinco anos, a duración do contrato de revezamento que poderá celebrar a empresa para substituír a parte de xornada deixada vacante por este poderá ser indefinida ou anual. Neste segundo caso, o contrato prorrogarase automaticamente por períodos anuais, e extinguirase na forma sinalada no parágrafo anterior.

c) Agás no suposto previsto no parágrafo segundo do número 6, o contrato de revezamento poderase celebrar a xornada completa ou a tempo parcial. En todo caso, a duración da xornada deberá ser, como mínimo, igual á redución de xornada acordada polo traballador substituído. O horario de traballo do traballador con contrato de revezamento poderá completar o do traballador substituído ou simultanearse con el.

d) O posto de traballo do traballador con contrato de revezamento poderá ser o mesmo do traballador substituído ou un similar, entendendo por tal o desempeño de tarefas correspondentes ao mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.

Nos supostos en que, debido aos requirimentos específicos do traballo realizado polo xubilado parcial, o posto de traballo que vaia desenvolver o traballador con contrato de revezamento non poida ser o mesmo ou un similar que o do xubilado parcial, deberá existir unha correspondencia entre as bases de cotización de ambos os dous, nos termos previstos no artigo 166.2.e) da Lei xeral da Seguridade Social.

Regulamentariamente desenvolveranse os requirimentos específicos do traballo para considerar que o posto de traballo do traballador con contrato de revezamento non poida ser o mesmo ou un similar ao que viña desenvolvendo o xubilado parcial.

e) Na negociación colectiva poderanse establecer medidas para impulsar a celebración de contratos de revezamento.»

Dous. Inclúese unha nova disposición transitoria décimo segunda na Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo segunda. *Réxime transitorio do contrato a tempo parcial por xubilación parcial e do contrato de revezamento.*

O novo réxime legal do contrato a tempo parcial por xubilación parcial e do contrato de revezamento establecido nos números 6 e 7 do artigo 12 da Lei do Estatuto dos traballadores, na redacción dada pola Lei de medidas en materia de Seguridade Social, aplicarase gradualmente de acordo co previsto na disposición transitoria décimo sétima da Lei xeral da Seguridade Social.»

Disposición adicional trixésima. *Vítimas de violencia de xénero.*

Dáse nova redacción ao número 1, da disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

«1. Quen for condenado, por sentenza firme, pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas ou de lesións, perderá a condición de beneficiario da pensión de viuvez que lle corresponda dentro do sistema público de pensións cando a vítima dos ditos delitos fose a causante da pensión, salvo que, se é o caso, medie reconciliación entre eles.

En tales casos, a pensión de viuvez que se lle debese recoñecer incrementará as pensións de orfandade, se as houbese, sempre que tal incremento estea establecido na lexislación reguladora do réxime de Seguridade Social de que se trate.»

Disposición adicional trixésimo primeira. *Dispositivos de alerta en aparcadoiros e garaxes.*

As administracións públicas competentes procederán a desenvolver regulamentariamente a obriga de incorporar nos accesos aos aparcadoiros e garaxes dispositivos que alerten o condutor da presenza de peóns nas proximidades da entrada e saída á vía pública dos ditos establecementos.

Disposición transitoria primeira. *Dereitos transitorios derivados da lexislación precedente, sobre a prolongación de efectos económicos da situación de incapacidade temporal no réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado.*

Os funcionarios incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado que, no momento entrada en vigor desta lei, superasen o mes vixésimo primeiro posterior ao inicio da situación de incapacidade temporal, poderán seguir percibindo o subsidio de incapacidade temporal, con cargo á mutualidade de funcionarios civís do Estado, ata o mes vixésimo sétimo ou trixésimo, ambos os dous inclusive, segundo corresponda, séndolles de aplicación ben os artigos 20 e 21 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, na súa redacción dada pola Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, ben a disposición transitoria sexta da citada Lei de orzamentos xerais do Estado.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación de coeficientes redutores da idade de xubilación.*

O previsto no parágrafo terceiro do número 1 do artigo 161 bis da Lei xeral da Seguridade Social non se lles aplicará aos traballadores incluídos nos diferentes réximes especiais que, na data de entrada en vigor desta lei, tivesen recoñecidos coeficientes redutores de idade

de xubilación, sendo de aplicación as regras establecidas na normativa anterior.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Esta lei ten o carácter de lexislación básica en materia de Seguridade Social, de conformidade co disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Eficacia na aplicación das modificacións legais.*

1. As modificacións no réxime xurídico das prestacións do sistema da Seguridade Social introducidas por medio desta lei serán de aplicación unicamente en relación cos feitos causantes producidos a partir da entrada en vigor desta, salvo nos supostos a que se refire o último parágrafo do número 4 do artigo 179 e a disposición transitoria décimo sexta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

2. Para os efectos da aplicación do requisito a que se refire a letra d) do número 2 do artigo 161 bis e o parágrafo terceiro da norma 2.^a do número 1 da disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, considerarase, en todo caso, que as xubilacións anticipadas causadas entre o 1 de xaneiro de 2004 e a data de entrada en vigor desta lei motivadas por cesamentos na relación laboral producidos en virtude de expedientes de regulación de emprego teñen carácter involuntario.

As resolucións denegatorias das pensións de xubilación anticipada así como as contías das pensións xa recoñecidas revisaranse por instancia dos interesados.

3. O establecido no número 2 do artigo 22 do texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2000, do 23 de xuño, na redacción resultante da disposición adicional décimo sétima desta lei, retrotraerá os seus efectos á data de entrada en vigor da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Disposición derradeira cuarta. *Asunción de competencias en materia de incapacidade temporal.*

A Secretaría de Estado da Seguridade Social, por proposta do Instituto Nacional da Seguridade Social, e mediante resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado», determinará a data a partir da cal se asumirán as funcións atribuídas no artigo 128.1.a) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social polos órganos a que este se refire.

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.*

Modifícase a letra e) do número 1 do artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que queda redactado do seguinte modo:

«e) Cando accedan á condición de deputado ou senador das Cortes Xerais ou membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas se perciben retribucións periódicas pola realización da función. Aqueles que perdan a dita condición por disolución das correspondentes cámaras ou termi-

nación do seu mandato poderán permanecer na situación de servizos especiais ata a súa nova constitución».

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día 1 do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás na súa disposición adicional cuarta, que o fará o día seguinte ao da dita publicación.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATER

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20912 *ORDE PRE/3531/2007, do 29 de novembro, pola que se introducen modificacións no Regulamento da circulación aérea aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, relativas ás regras de voo visual nocturno e ás comunicacións.* («BOE» 291, do 5-12-2007.)

O Regulamento da circulación aérea, aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro, en desenvolvemento da Lei 48/1960, do 21 de xuño, sobre navegación aérea, foi obxecto de diversas modificacións derivadas dos cambios introducidos pola Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) nos anexos e documentos ao Convenio de Chicago e a necesidade de adaptar as operacións de voo ás innovacións técnicas producidas en materia de aeronavegación.

A disposición derradeira primeira, «modificacións de carácter técnico», do mencionado real decreto, faculta a ministra de Fomento e o ministro de Defensa para introducir, con suxeición ao disposto na Orde da Presidencia de Goberno do 8 de novembro de 1979, pola que se crea a Comisión interministerial prevista no artigo 6.^o do Real decreto lei 12/1978, do 27 de abril, sobre fixación e delimitación de facultades entre os ministerios de Defensa e de Fomento en materia de aviación, cantas modificacións de carácter técnico fosen precisas para a adaptación das operacións de voo ás innovacións técnicas que se producen e especialmente ao disposto na normativa contida nos anexos OACI e nos tratados e convenios internacionais dos que España sexa parte.

Ata o momento, o tratamento recibido polos voos VFR (regras de voo visual) nocturnos no Regulamento da circulación aérea quedaba recollido por unhas regras específicas denominadas «VFRN» (VFR nocturnas), regras non recollidas no anexo 2 de OACI (regras do aire) e o anexo 11 de OACI (servizos de tránsito aéreo), nin en ningún outro país da nosa contorna. Segundo se recolle nos mencionados anexos de OACI, este tipo de voos débense considerar como voos baixo regras visuais suxeitos ás condicións prescritas pola autoridade ATS competente. Por iso, resulta necesario modificar o Regulamento de circulación